



Concello de Meaño

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION.

Fundamentos:

Primeiro. Segundo determina o artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, os órganos colexiados das entidades locais funcionan en réxime de sesión ordinarias de periodicidade preestablecida e extraordinarias, que poden ser, ademáis urxentes.

Segundo. O artigo 11 do Regulamento Orgánico Municipal, establece que as sesión do Pleno da Corporación serán públicas nos termos previstos no artigo 70 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do Réxime Local e poderán ser: Ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes.

O artigo 12 do Regulamento Orgánico Municipal, establece que as sesión plenarias convocaranse, como mínimo, con dous días de antelación, salvo as extraordinarias urxentes, cuxa convocatoria con este carácter será ratificada polo Pleno.

Terceiro. O Pleno da Corporación, en sesión de data 30 de xuño de 2015, acordou establecer o réxime de periodicidade de sesión do Pleno da Corporación do seguinte xeito:

“a) As sesión ordinarias do Pleno da Corporación celebraranse o segundo luns de cada dous meses nos meses pares: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro, ás vinte horas e si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesión extraordinarias ou urxentes do Pleno da Corporación rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Vista a relación de expedientes concluídos, de conformidade o disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e co artigo 112 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a próxima sesión ordinaria do Pleno da Corporación, no salón de actos da Casa Consistorial o día 9 de abril de 2018 ás 20:00 horas, para tratar os asuntos que se expresan na orde do día.

SEGUNDO. Que se leven a cabo os trámites legais oportunos para a convocatoria e notificación dos membros do Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Fixar o seguinte:

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2017.

3º.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA, REGLA DE GASTO E



Concello de Meaño

SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

4º.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO.

5º.- RATIFICACION DO MARCO PRESUPOSTARIO A MEDIO PRAZO 2018-2021.

6º.- DAR CONTA DAS SOLICITUDES FORMULADAS A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019. LIÑA 3 EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E O FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS.

7º.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

9º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE A CREACIÓN DUN PLAN DE IGUALDADE MUNICIPAL.

10º.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE REFERENTE AO FOMENTO DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

Manda e asina a Sra. alcaldesa M^a Lourdes Ucha Varela en Meaño ante a secretaria-interventora M^a Teresa Escudero Barral, que da fe.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe